
ATALAIA
XORNAL ESCOLAR
Nº 3
CEIP Cervo Nº 1

De novo, o Equipo de Dinamización Lingüística do centro, pídenme que escriba unhas palabras, a modo de saúdo, para o novo número do noso xornal escolar "Atalaia", xornal onde os nenos e nenas do centro, xogan a sentirse e ser xornalistas por un tempo.

Como directora do CEIP de Cervo nº1, síntome orgullosa de contar cun gran equipo de mestres e mestras que co seu traballo e dedicación, encárgase de encamiñar ao alumnado pola senda da cultura e da sabedoría.

Nas páxinas do xornal, móstranse tan só un pouco do traballo diario dos nenos e nenas do cole; traballo feito con ilusión, agarimo e esforzo por parte duns e doutros. Dende os nenos de 3 anos (os "pequenos") ata os de 6º (os maiores), que co saúdo do xornal dexarannos para empezar unha nova etapa na súa vida, deixan nestas páxinas o seu bo facer.

Entre todos os obxectivos do Equipo (EDL) ao facer este xornal, está o de acadar que o alumnado do cole chegue a "querer" a nosa lingua, (lingua garimosa onde as haxa), e, que ao ir querendo esta lingua, a nosa, faigan que esta "mimosa, suave, queixosa, sentida; que encanta se ri e conmove se chora" (en palabras da gran poeta Rosalía de Castro) teña mil primaveiras e veráns, e outonos e invernos mais.

Grazas a todos os implicados para que este proxecto saia adiante e moito ánimo!

Un saúdo moi garimoso

Carmela

# A VACA

É UN ANIMAL MAMÍFERO E RUMIANTE.

COME HERBA.



ALESANDER


JOAO


SAMUEL


ROI
ABEL


MANUEL


BRAIS



RUTH



LARISSA


MUUU!
DANIEL


YERAY

# ESCOLA

# PEDRO MURIAS



PEDRO MURIAS



ÁRBORES CENTENARIAS



AS ÁRBORES FROITEIRAS



OS QUEIXOS



OS COGUMELOS



O INVERNADOIRO



AS VACAS



A CORTE



A MUXIDORA



AS MIÑOCAS



ESTACIÓN METEOROLÓXICA

5ºE. INFANTIL

POEMAS E.I. 5 ANOS

# A VACA

Téño unha vaca
que se chama Paca.
No campo pacía
cada vez que o touro a vía,
ao touro toreaba
ata que o cansaba.



Edgar Ben Vior

# A VACA

Teño unha vaca
que se chama Paca
cando a muxo dame tanto leite
que lle chama a atención
a toda a xente,
faigo queixo e requeixo
e como me sabe tanto
nunca me queixo.



Cristian Gómez Neta

POEMAS E. I. 5 ANOS

# A VACA

A miña vaca está no prado
forma parte do gando,
eu estoulle moi agradecido
polo leite que me ten dado.



Iker Teixeira

# A vaca

Érase unha vez unha vaca
grande e fermosa
que se chamaba Paca
e era moi mimosa.

Paca era moi divertida
e pintouse de cores
pensando que así daría
leite de moitos sabores.



Daniel Gómez Lamelas

E.I. 5 ANOS

POEMAS

# "O leite da vaca"

Chamábase Paca
e era unha vaca moi fraca.

Comía e comía, e non engordaba
quería dar leite e non saía nada.

Colleu as botas e un sombreiro
e foi ver a un feiticeiro,
que lle deu unha poción
con sabor a limón.

A vaca á casa chegou
contenta de alegría saltou.

Xa o leite saía
e con gusto a limón sabía.



Nuria Rey Díaz

Yago Fernández Lorenzo

# A Vaca

Vin unha vaca
que é moi perezosa,
que pastaba mansa
subida na costa.



# A VACA

Hai vaca vaquiña vacola,
estás gorda como unha cebola,
a túa campá vólveme tola,
pero dás leitiña fresca,
como mola!



Adán Pérez López

Ilaen Fernández Lorenzo

## "A VACA"

Vin unha vaca
nunha pradeira
Era toda branca
con manchiñas negras.



# A Vaca

A miña vaca manchada
nunca está enfadada.

Pasta á sombra dun
carballo,
e cando baila
sónalle o chocallo.



Sara Lecumberri Villares

# A Vaca

Eu tiña unha vaca
moi educada
que non facía
nin "MU" nin nada
pero dábame leite
con nata montada.



Ruth Carpintero Báñez

Esta vaca é moi guapa
e ten unhas patas moi longas.
Salta polo prado
movendo o rabo.
Gústalle comer herba
e deitarse na terra.
Co leite que dá a vaca,
pódese facer nata.



Darío Rubén Infanzón Valde

OS MONSTRUIÑOS

Había unha vez catro nenos aos que lles gustaba moito ler contos. Chamábanse Tati, Pedro, Xurxo e Irea e eran irmáns.

Un día sentáronse todos xuntos no sofá e comezaron a ler un conto de medo. Mentres Xurxo lía o conto os demais escoitaban. O conto titulábase: "Os monstruiños".

Había unha vez uns monstruiños que daban medo. Ían ás casas a asustar á xente e asustábana moito. Así que a xente pechaba as portas con moitos cadeados.

Unha noite de lúa chea, os monstruiños entraron nunha casa a escuras na que non había ninguén pero a cociña estaba chea de comida. Puxéronse a comer e non quedou nada pero deixárono todo sucio. Puxéronse tan gordos que empezaron a botar como pelotas. Entón, os monstruiños, que se chamaban Victoria, Diana e Lara e que eran de cores rechamantes, fóronse a comer máis a outra casa. Pero nesta casa había xente durmindo. Espertaron e víronos comendo. Os monstruiños asustáronse e fóronse botando

Tiveron tanto tanto medo que nunca máis volveron entrar noutra casa. Encerráronse na súa. Meteronse na cama e durmiron durante dous anos.

Cando espertaron tiñan moita fame pero na súa casa non quedaba comida. Así que decidiron entrar, por última vez, noutra casa.

Pero cando entraron viron que a casa estaba chea de escopetas porque alí vivían cazadores. Deulles tanto medo que esta vez meteronse na súa casa e nunca máis volveron asustar á xente.

1º PRIMARIA



# A VIAXE DE PETRONILA

Nun lugar do mundo chamado Kansas, o petrón caeu unha semente, Horas despois un paxaro colleu a semente e emprendeu o voo. Pero en medio da viaxe a semente caéuselle nun estanque con moitos parrulos. Un parrulo pensou que a semente era un peixe, fixo o pino, colleu a semente e comeuna. Pero minutos despois escupina en direcion ao ceo. Caeu nun niño dun pelicano. O ave, que estaba durmindo espertouse, e xirouse, e claro, sen querer, tirou a semente ó chan cheo de predras chas afiladas. Por sorte a semente caea nunha árbore e non tivo ningun tipo de dano, pero o tema non mellorou, se non que empeorou.

A o día seguinte houbo tormenta, o forte vento arastrou á semente ata unha casa, e desde dentro unha nena escoitou un golpe e foi a ver que pasaba cando estaba xa na ventá se fixou en que era unha semente. Foi correndo a dicirllo a xua nai e díxolle:

-Mamá, atopei unha semente na ventá da
miña habitación!

-Oh! -contetoulle a nai- Entón queres plantala
mañá comigo?

A o día seguinte, como a nai lle dixo a súa
filla, plantaron a semente e a regaron durante
moitos días. Cando creceu, á semente chamárona
Petronila.

Un bo día de verán a Petronila lle fixeron
unha festa de benvida. Había de todo: bebidas, comida,
pista de baile e ...piñata!!! O día da festa todolos
amigos de petronilla asistiron, e un bo amigo, chamado
Betiliflor, díxolle:

-ti naciches dunha árbore pero polos teus
xenes non te reproduces coma unha árbore
se non coma unha planta

-Entón son coma vos -dixo Petronila- que ale-
gría!

Cando acabou a festa os amigos de Petrolina, déronlle ás gracias
por ser unha gran amiga e apoialos nos momentos malos e nos bos, e
a Petronila saltáronlle as bágoas, por tódolas cousas boas que lle dixeron.
Ao longo dos anos Petrolina fíxose vella ata que o día 4 maio faleceu con nove
meses. Ninguén faltou a o seu funeral, e falou Betiliflor, o mellor amigo de
Petronila e dedicoulle estas palabras.

-A min caíme moi ben esta flor era amiga de todos
nos era moi amable, intelixente graciosa e todos
os adxectivos que se vos acorran, e sobre todo
boa amiga, e a planta da estan falando é
Petronila.

E así é como era Petronila, e nunca ninguén se
esquecera da súa viaxe porque foi a mellor
flor do mundo enteiro e para min,
sempre estará no meu corazón, grazas,
moitas grazas. Todos levantáronse e aplaudiron polo marabilloso
discurso de Betulia que moitos dixeron fue o mellor
discurso fue habían escoitado ai moito tempo.

E como eu solo dicir cando acabo un (calquer) conto...



COLORÍN COLORADO
UN FOGUETE SAE POLO
TELLADO.
FEITO POR ALUMNOS/AS 2º DE
PRIMARIA. ESPERO QUE VOS
GUSTE MOITO
O NOSO CONTO.

# Poemas

Tera, Vera, Lera, Pera
estamos na primavera.

Ton toronton torontono
sopra feliz don outono.

Turno Coturno Cuterno
chega roucon o inverno.

Quixera ser unha nube
subir, subir e subir
cando haxa festa no ceo
vestido branco lucir.

Quixera ser primavera
traer follas e verdor
pintar nos prados as flores
cantar coma o reiseñor.

Arco da vella,
luz que fervella,
curva de tella.

As nubes brancas
coma princesas
levan puntillas sobre a cabeza

De nome parvo,
apelido real,
e abuno pintado
se quere ligar.

Lucía Soto 3º

# O verán chegou

O sol amarelo
o ceo azul,
a herba verde,
de que color e o amor?

O verán
trae o sol,
á praia
e tamen a auga.

O verán chega
O verán chegou
e cando desaparezca
lle diremos adios!

Sol soleciño
ti non eres pequeno
tes o poder do verán
nas tuas máns.

Vamos a praia
que o verán chegou
vamos,
que eu xa me vou!

Con gafas de sol
con moito calor
o verán chegou!

Sol de verán
brillas como a luz
o calor traes
á praia como non!

Verán verán
ti que quentas
verán verán
non desaparezas

Blanca Zan 3º

# POEMAS

De pé, xunto a unha fonte,
o xardineiro sostén unhas camelias
dende un outeiro.

E senta nunha póla o xardineiro
para entoar cancións
cantaruxeiro.

Unha, Dúa, Tripe, Trapo as
estacións sonche do ano.

Tan Tarantán Tarantán
que por fin chega o verán

Lúa de cores
feita coas flores
dos arredores.

Máxica ponte
de monte a monte
sobre o horizonte.

Quixera ser paxariño
para aprender a voar
e no cabalo do vento
todo o ceo pasear.

Eu dareiche un tulipán
se ti te chamas Iván.
Eu dareiche un caravel
se ti te chamas Raquel.
Eu dareiche unha camelia.
se ti te chamas Carmela.
Eu dareiche un xasmín
se ti te chamas Fermín.
Eu dareiche flor de azar
se ti te chamas Omar.
E a ti douche unha papaila
para que vaias de troula. 3º

Para dibujar a un niño
hay que hacerlo con cariño
Pintarle mucho flequillo,
que este comiendo un
barquillo, muchas pecas en
la cara, que se note que es
un pillo;
Continuemos el dibujo.
redonda cara de queso.
Como es un niño de moda
bebe jarabe de soda. Lleva
pantalón vaquero con un
hermoso agujero.




Irene Fernández Infantón

# O FARO DE SAN CIBRAO.

O primeiro faro foi construido
no 1864, posterior mente
foi reformado nos anos vinte.

A torre e lixeiramente cónica, construida
de granito grisclaro. Na actualidade
consta de duas torres: unha primitiko
e outra mais esbelta, grazas ao branco
e a unha faixa negra baixo o
primeiro dos seus balconciños. No seu
contorno hai unha área recreativa
onde se poden obserbar os
Farillons e tres illas incluidas na
relacion esparos naturais Punta
Atalaia.



Alex Gayoso 3º

# XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO. A SÚA VIDA...

Xosé María Díaz Castro naceu na parroquia dos Vilares, en Guitiriz, o 19 de febreiro de 1.914.
Procedía dunha familia labrega. Os seus primeiros estudos realizounos na parroquia de Buriz e continuounos na súa aldea «na escola da Conchada».
Aos 15 anos ingresou no Seminario de Mondoñedo e alí escribeu os seus primeiros 1º poemas, e tamen escribeu no xornal «El progreso Villalbés».
Ao deixar o Seminario adicouse ao ensino e traballando como tradutor en Madrid. Traducindo en francés, inglés, alemán, italiano, portugués, holandés e linguas escandinavas, É autor dun único libro de poemas chamado: «Nimbos» editado no ano 1.961 no que amosa a súa preocupación por Galicia e por eso este ano a Real Academia adícalle o día das letras Galegas.

¡POR XOSÉ MARÍA!

¡VIVA!

ZAIRA R.M. 3º de Primaria




Dani Rodríguez Almeida 3º

O clube Deportivo San Ciprian.
ascendeu de categaría porque adestraron e se esforzaron moito.
O adestrador chámase Chuski e os xogadores son Aitorín, Saul, Mode, Pace, Cortiñas, Borja, Sames, Borja Chuche, Pepe e Carracha.
Van ter camisetas, botas e chandals novos.

Seguirá a gañar!

Iván Parra Rivas 3º

# INVENTOS MARABILLOSOS

O tanque que dispara ráfagas de PAZ !!



Gabriel Rubal Baño
3°

O coche para viaxar aos soños...!



Fabio Barroso Soares 3º

# HUMOR

Érase unha vez un hotel no que nunha habitación estaba a pantasma dos ollos verdes. Entón un día chegou ao hotel un home moi canso e dixo:
- Unha habitación, por favor.
E só quedaba a que tiña a pantasma dos ollos verdes, e tivo que collela.
Cando o home ía durmir e metérase na cama a pantasma dos ollos verdes dixo:
-Son a pantasma dos ollos verdes!
E o home saíu correndo.
E así durante moito tempo.
Pero un día chegou un galego e dixo:
-Unha habitación por favor.
E colleu a que tiña a pantasma dos ollos verdes
E coma todas as noites a pantasma dixo:
Son a pantasma dos ollos verdes!
E o galego dixo:
Como non cales a boca, vas ser a pantasma dos ollos morados! Roi 4º de primaria.

Jaimito foi ao cole. A profe lle pregunta:
- Jaimito unha palabra que empece por «D»?
- Onte.
- Jaimito onte empeza por «O» non por «D»!
- Pero onte foi Domingo.

Ana Alvarez. 4º curso

Xaimito estaba xogando no parque mentras seu pai estaba durmindo. Xaimito entrou na casa e dixo:
- Meu pai está morto!
Xaimito chamou a ambulancia e o médico dixo:
- Teu pai non está morto, está durmindo.
E Xaimito dixo:
- Xa entendo porque estaba movendo a barriga.

Marta Rubal 4º curso

- Por que os de Lepe non teñen peluquerías?
- Porque están fartos de que lle tomen o pelo.

David Orosa 4º curso

Unha noite de San Xoán
foi unha nena ao parque,
e as palomas dábanlle
miguiñas de pan.

Eu vin á nena correndo,
eu vin á nena nadando,
eu vin á nena rir,
eu vin á nena chorando.

Aquela nena
lle gustan os animais,
pero non lle gusta
obedecer aos pais.

Desiree García Sandomingo 4º curso

# EXCURSIÓN Á CIDADE da CULTURA de GALICIA



No primeiro trimestre deste curso escolar, o pasado día 4 de outubro de 2013, os alumnos de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria do noso Colexio e mailos nosos profesores, fomos de Excursión a Santiago de Compostela. Foi para visitar a Cidade de Cultura de Galicia, que está situada no Monte Gaiás.



Ese día tivemos que madrugar moito, porque saímos en autobús de San Cibrao, ás oito da mañá. Durante a viaxe, fixemos unha parada nunha Área de servizo de Guitiriz. Chegamos á Cidade da Cultura aproximadamente ás once e media.

Baixamos do autobús e fomos andando bastante ata chegar ao edificio do Museo Centro Gaiás, onde visitamos unha exposición que se chamaba "Orinoco: Viaxe a un mundo perdido".

Estábanos agardando o guía do museo para explicarnos todo o que había nas salas de exposición. El díxonos que era unha



colección duns 1.100 obxectos (máscaras, armas, canoas, instrumentos musicais, cestas, vasillas, coroas de plumas, xoias, etc.) que amosaban a forma de vida e maila cultura dunhas doce etnias que viven na selva venezolana, na contorna do río Orinoco, o terceiro río máis caudaloso do mundo. Entre todas as etnias, díxonos o guía, que había que salientar a tribo dos indios Yanomami, que quere dicir "fillos da Lúa". A exposición do Orinoco ocupaba tres

andares do Museo e
había que subir e baixar
por unhas escaleiras
mecánicas.



Ao rematar de ver a
Exposición leváronnos a unha sala onde fixemos un obradoiro de actividades. Dividíronnos en dous grupos: os nenos e as nenas de 3º e 4º sentáronse xuntos e pintaron de cores unha coroa de plumas indias e os alumnos e alumnas de 5º e 6º debuxaron, nunha folla cadriculada, cenefas de cor negra, imitando as que facían os indios yanomami para decorar as súas cestas, ás que lles chaman "guapas".

Ao rematar a visita na Cidade da Cultura fomos coller o autobús ao aparcadoiro. Como chovía bastante, non puidemos ir comer ao Parque da



Alameda e tivemos
que xantar no
centro comercial "Area
Central". Despois de
comer, estivemos xogando

*Alumnos/as 5º de Primaria*

e algúns nenos entraron nunha tenda de lambetadas e outros nunha tenda de videoxogos.
Na viaxe de volta paramos a merendar ás aforas de Mondoñedo, nun sitio que lle chaman "O Rei das Tartas".
Chegamos ás sete e media da tarde a San Cibrao.
Foi unha viaxe moi divertida e pasámolo xenial!

## ALGUNHAS ÁRBORES DO NOSO COLEXIO



Imos coñecer algunhas das plantas que hai no Colexio.
Hai unha manchea de especies de arbustos e árbores: camelia, azalea, hortensia, rododendro, espirea, romeiro, palmeira, iuca, pitosporo, salgueiro chorón, oliveira, etc.
Pero nós eliximos estas para que saibades algo máis destas árbores.

Alumnos/as de 5º primaria

## ALGUNHAS ÁRBORES DO NOSO XARDÍN



### FALSA ACACIA

- Árbore moi común en parques e xardíns.
- Nas súas polas ten espiños.
- As súas follas son compostas e de cor amarela.
- As súas flores son brancas e moi aromáticas.

Zaira Ben 5º

### MAGNOLIO CHINÉS

- É unha árbore de folla caduca que pode acadar ata 7m de altura.
- As súas flores de cor púrpura, nacen antes de que aparezan as flores.
- É unha árbore híbrida.

María 5º





### PICEA AZUL

- É unha árbore de folla perenne, que pode medrar ata os 35 metros.
- A súas follas son aciculadas, é dicir, en forma de agullas, de cor verde-azulada.
- É moi resistente á contaminación.
- Procede das Montañas Rochosas de EEUU.

Beatriz 5º

## ALGUNHAS ÁRBORES DO NOSO XARDÍN



Marcos 5º

### BAMBÚ

- É unha planta duns 2 m. de alto, pero nalgúns lugares de Asia pode chegar ata os 35 m.
- Arredor dun bambú, asciña nacen moitos máis, sen necesidade de plantalos.
- O seu talo leñoso recibe o nome de cana de bambú e ten moitas utilidades: na construcción, etc.

### CERDEIRA DE PISSARD

- Árbore de folla caduca que pode medrar ata os 8 metros.
- As súas follas son de cor vermella-púrpura.
- As súas flores de cor rosácea nacen antes que as súas follas.

Fernando 5º





### ESVEDRO

- Árbore pequeno de tamaño, de folla perenne.
- O seu toro é retorcido.
- Os seus froitos teñen forma de globo, de cor laranxa-avermellada. Maduran en outono e son comestibles.

Ángel 5º



## CASTIÑEIRO

- É unha árbore autóctona de Galicia, de folla caduca.
- As súas follas teñen o bordo en dentes de serra. O seu froito é a castaña que medra en grupo de 3 ou 4 dentro dun ourizo.

Daniel 5º

## MOREIRA PÉNDULA

- Árbore de folla caduca.
- A súa copa está moi ramificada e a súas pólas colgan ata o chan. As súas follas gústanlle aos gusanos de seda.

Zaira Morandeira 5º





## PRADAIRO

- Árbore de folla caduca que pode medrar ata os 30m. de altura.
- As súas follas son grandes.
- A súa cortiza é lisa e de cor grisácea.
- Coa súa madeira fanse violíns.

Alejandra 5º

## ALGUNHAS ÁRBORES DO NOSO XARDÍN



### PIÑEIRO

- Árbore de folla perene, a súa cortiza é de cor marrón con resina.
- As súas follas son aciculadas, é dicir, en forma de agulla.
- O seu froito é a piña.
- É unha especie que abunda nos montes de Galicia.

Ale 5ª

### LIQUIDÁMBAR

- Árbore de forma piramidal.
- Nalgúns lugares pode medrar ata os 40 m de altura.
- No outono, antes de caerlle as follas, cambian a súa cor de marrón a avermellado.

Marina 5ª





### BIDUEIRO

- Árbore de folla caduca que pode acadar ata os 25 metros.
- As súas follas son de pequeno tamaño
- A cortiza do seu tronco é de cor branca.
- Abunda no monte da Península.

Antonio 5º

# DOUS LIBROS QUE TES QUE LER...!

Este curso os alumnos do 5º de Primaria limos na clase bastantes libros, todos eles bastante divertidos e interesantes: "O home invisible", "Un esqueleto no armario", "Marcos Mostazo", etc. Pero de todos eles, eliximos estes dous que vos recomendamos a todos.




"Dúas bágoas por Máquina", é un libro da escritora galega Fina Casalderey. Conta unha historia un pouco triste sobre unha nena chamada Xulia, que tiña 8 anos e que lle regalaron un canciño polo seu cumpleanos, ao que lle chamou Máquina.
Pero un bo día, o pai de Xulia abandonou o can, sen que a nena o soubese, porque chegara a ser un estorbo para a familia. Pasado un tempo Máquina apareceu e a nena descubriu a verdade. Pero Xulia perdoou ao seu pai porque este estaba moi arrepentido do que fixera. Desde que aparecera o canciño xa era coma un membro máis da familia. Pero un día ocorreu que...

Marcos - 5º -








Este libro titulado "Palabras de Caramelo" é moi bonito, fácil de ler e un pouco triste. Trata dun neno de 8 anos chamado Kori que é xordomudo. Ía a unha escola especial e sempre debuxaba camelos. Gustábanlle moito estes animais e a súa nai sabíao. Por iso, un día foi aos currais ver os camelos e alí viu nacer un pequeno camelo que movía os seus beizos e Kori pensaba que falaba de verdade. O neno non paraba de pensar nel todos os días e púxolle de nome Caramelo.

Kori quería que a súa mestra Fatimetu lle aprendera a escribir. E despois de moito esforzo conseguiuno.

Un día chegou a fame ao seu pobo e tiveron que sacrificar todos os camelos, incluindo tamén a ...

Antonio - 5º




UTILIZA O PUNTO LIMPO DO TEU CONCELLO!!
RAEE's
Marina 5º P
Polígono industrial de Cuiña
Concello de Cerdo

# Francisco Frá 

Francisco Frá é actualmente carpinteiro de ribeira en San Cibrao, onde naceu. Dende pequeno adicouse a este traballo; o que xa leva sete xeracións nesta familia (dende 1806). Tivo momentos nos que pensou en deixar o seu traballo, pero el sabía que era o traballo da súa vida. O seu traballo consiste en construír e reparar barcos utilizando distintos tipos de madeira. El ten sucesores para o seu traballo, pero outra cousa é que queiran seguir!!!



Cantos anos leva vostede traballando?
Sempre traballei aquí, dende pequeno axu_
dando ao meu pai.

Ten algún risco o seu traballo?
Si, ser carpinteiro ten riscos porque hai
moitas máquinas perigosas e polas ferramentes
que se utilizan.

A que idade comezou a facer barcos?
Dende pequeno porque xa facía maquetas,
pero cando empezei realmente foi no 86.

Fíxoselle difícil comezar a facer barcos?
Non é que sexa difícil, o que pasa é
que require tempo e saber traballar a
madeira.

Que materiais utilizas para facer barcos?
Madeira, e a principal a do carballo do país,
pero tamén metemos eucalipto.

A que idade construiu máis barcos?
Cando comezei, no 86.

Cantos anos leva vostede vivindo en San Cibrao?
_Levo toda a vida, nacín aquí.

Xa quería dedicarse a este traballo dende pequeno?
Si, sempre me gustou facer barcos.

Cantas xeracións leva este traballo na súa familia?
Leva 7, xa no 1806 se facían barcos na miña familia

En que consiste realmente o seu traballo?
O traballo consiste en construir e reparar barcos. Primeiro fanse unhas plantillas e despois xa se empeza a facer o real.

Quen lle ensinou a facer barcos?
Aprendín aquí co meu pai e meu tío.

En que se diferencian os barcos que fai vostede dos que fan outros navais?
Os que faigo eu son barcos de madeira; despois hai moitos tipos de barcos, sempre se diferencian un pouco de quen os fai.

Pensou en algún momento en deixar o seu traballo?

Quería e non quería, realmente era o traballo da miña vida.

Foi ao mar adentro algunha vez nalgún barco seu?

Si, fun ao mar a pasear, nin a pescar nin a traballar.

Ten vostede sucesores para o seu traballo?

Sucesores si que hai, outra cousa e que queiran seguir con este traballo.

- GRAZAS!



As reporteiras Bárbara, Carolina, Ximena e Maruxa co entrevistado.

# Rosalía de Castro



O día 24 de febreiro, na nosa clase, celebramos o aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, aló polo ano 1837.

Lemos un poema inédito que atopou Torcuato:

"Meus fillos, ¡Meus anxos! Que tanto vos quería, ¡Morreron, morreron coa fame que tiñan!" - (Pedro)

Rosalía nos seus versos fálanos da pobreza e marxinalidade. Os seus versos escritos no século XIX son máis válidos ca nunca nesta época chea de pobreza e marxinalidade.

Unha nena, Sara, coma un de nós escribimos uns versos que nos fixo pensar:
"¡Que verdá! que somentes se dan pequenas
Como outras estrelas se
apagaron!" (Poema inédito de Torcuato)

"Galicia está probe e á Habana me vou!"

Carolina

"Vendéronlle os bois, vendéronlle as vacas"

Jimena

"Bon Díos, axudaime berrei, berrei cando...

Tan alto estaba, bon Díos non me oíra

Irfan

"Mais sen pan e, mal pecado a miña terra n'é mia.

Diego

"Bon Díos, axudaime berrei, berrei cando...

Tan alto estaba, bon Díos non me oíra."

Bárbara

Soidádeme [illegible] berro... ¡[illegible]!

De min se magoaron, Vendéronme [illegible].

Hugo

"Sin ter con que te vistir,"

Sin ter con que te almorzar...

Anxo

Alumnos/as de 6°


FOTOCOLLAGE RESUMO DAS
ACTIVIDADES CO COLEXIO NO CURSO
2013-2014.


AVIFAUNA


Guioncho, Regueira,
Vegadeo

























Antroido 2014

# Magosto, Día da Paz, Día da Árbore









Fotos Guioncho e na clase

















II Semana de Patín





Baseball







CD Burela Fútbol Sala

## PROXECTO CÓMIC - Atención Educativa. 3º Primaria




Javier Aguilar 3º

Isaí Quintana Miguez 3º primaria



# TONGUE TWISTERS

- We eat what we can and what we can't, we can.
- Tiny Tommy Tortoise talked to Tessie Turtle on the telephone ten times today.
- Pretty Pamela Parker picked pink petunia posies.
- She stops at the shops where I shop and if she shops at the shops where I shop I won't stop at the shop where she shops!
- Fearless Frank flew fast flights to Frankfurt.
- Hungry Henry Hobson hurries home.
- Nobby knew Noddy better than Noddy knew Nobby.



# PASATEMPOS

Busca aquí as sete cidades galegas

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| X | F | Z | O | C | P | V | I | G | O | |
| S | E | A | U | O | O | N | U | O | S | VIGO |
| S | R | V | R | R | N | R | A | L | O | CORUÑA |
| A | R | E | E | U | T | L | U | G | O | OURENSE |
| N | O | N | N | Ñ | E | O | X | E | S | LUGO |
| T | L | C | S | A | V | P | A | Ñ | X | SANTIAGO |
| I | A | O | E | N | E | E | N | F | U | PONTEVEDRA |
| A | U | R | R | A | O | Z | G | H | R | FERROL |
| G | N | A | X | V | R | T | A | Ñ | U | |
| O | O | O | Z | A | A | A | L | O | R | |

Xosé López Lamelas
4º primaria

Atopa na sopa de letras cinco idiomas que falaba Xosé María Díaz Castro.

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| G | R | E | H | P | T | O | L | A | P | |
| H | A | E | U | S | C | A | R | O | S | |
| A | L | Z | B | L | D | D | Q | F | G | Portugués |
| S | E | U | G | U | T | R | O | P | D | Alemán |
| H | M | D | A | N | H | P | O | E | F | Danés |
| I | A | C | X | A | X | G | D | E | C | Éuscaro |
| H | N | H | U | F | E | P | A | A | K | Grego |
| P | O | R | S | R | L | T | N | B | T | |
| A | H | P | G | O | Q | L | E | M | H | |
| Z | T | O | E | O | E | U | S | C | G | |

Zoe Hernández Piñeiro
4º primaria

Busca na sopa de letras estas palabras: mochila, estoxo, lápiz, goma, dicionario.

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| M | I | X | M | E | D | P | U | S | M |
| O | E | A | O | S | I | O | D | S | T |
| C | G | Z | U | T | C | N | E | M | S |
| H | O | R | M | O | I | W | A | I | U |
| I | M | E | U | X | O | M | U | E | X |
| L | A | P | I | O | N | M | X | V | S |
| A | V | W | M | N | A | E | U | O | N |
| U | T | O | L | P | R | O | S | E | M |
| E | S | T | O | X | I | U | W | N | O |
| W | O | E | N | S | O | S | E | M | U |
| U | T | S | N | M | Z | I | P | A | L |

Elisa [R] 4º de primaria

Busca na sopa de letras cinco nomes de películas en diagonal, vertical e horizontal!

STAR WARS
OS PITUFOS
AVIONS
CARS
GRU DOUS

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| S | O | F | U | T | I | P | S | O | E |
| O | T | L | O | O | W | Z | I | V | L |
| W | I | A | G | N | Ñ | U | Z | O | A |
| A | Z | R | R | P | A | Z | Ñ | V | V |
| S | O | R | U | W | K | K | N | G | I |
| T | L | A | D | Z | A | N | J | A | O |
| L | U | L | O | Z | O | R | O | S | N |
| A | G | O | U | Z | V | L | S | A | S |
| N | Ñ | O | S | W | N | O | N | L | E |
| C | A | R | S | A | N | Ñ | O | K | L |

Ávaro López Vale 4º de primaria

Atopa na sopa de letras 5 comunidades de España.

Galiza
Madrid
Murcia
Navarra
Cataluña

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C | A | T | N | A | V | E | I |
| M | A | G | A | L | I | Z | A |
| A | M | T | V | P | A | G | M |
| D | A | P | A | M | T | A | U |
| R | Ñ | C | R | L | A | E | R |
| I | R | A | R | O | U | N | C |
| D | I | | A | M | | Ñ | I |
| P | D | I | L | A | G | C | A |

Eva López López
4º de primaria

Atopa na sopa de letras os nomes de sete animais.

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| L | C | C | S | B | A | S | H | R | E |
| A | E | L | P | U | B | M | I | E | A |
| B | B | O | E | F | C | O | E | V | S |
| C | R | N | N | A | D | N | N | O | H |
| D | A | U | Q | L | E | O | A | N | C |
| E | E | I | D | O | L | H | R | U | Z |
| F | L | S | R | A | F | I | K | D | W |
| G | O | A | B | M | G | J | L | C | C |
| H | T | A | N | U | Z | X | I | R | U |
| M | C | U | G | O | R | I | L | A | I |

León
Cebra
CABALO
Búfalo
Hiena
Gorila
Mono

Samuel Pereira Semedo 4º curso

Busca na sopa de letras 5 países europeos: Francia, Portugal, Italia, Alemania e Suecia.

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F | M | O | E | E | X | A | N | N | A |
| P | R | A | I | H | O | I | J | K | L |
| O | O | A | L | E | M | A | N | I | A |
| R | H | L | N | O | J | G | P | H | A |
| T | Z | E | J | C | M | N | I | I | O |
| U | J | C | L | I | I | I | L | M | M |
| G | X | R | M | L | Z | A | A | J | U |
| A | U | O | M | N | T | M | P | K | R |
| L | I | N | A | I | Z | U | S | O | S |
| S | U | E | C | I | A | O | C | A | S |

Manuel 4º de E.P.

Atopa na sopa de letras cinco animales:

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| B | O | L | B | O | R | T | A | N |
| S | S | D | O | O | E | S | N | S |
| O | O | E | E | S | S | F | P | E |
| M | L | L | E | S | E | A | B | O |
| E | K | F | C | A | M | E | L | O |
| C | S | I | O | O | M | E | O | S |
| R | O | N | D | E | L | S | O | S |
| S | C | O | O | C | E | R | V | O |
| E | A | Ñ | I | L | A | G | E | E |

BOLBORETA
DELFIN
CERVO
CAMELO
GALIÑA

Silvia 4º de E.P.

Busca na sopa de letras cinco capitais de Europa.

París
Lisboa
Roma
Dublín
Madrid
Mario 4º de primaria

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| M | A | D | R | I | D | Ñ | J | W |
| O | O | A | E | S | U | O | P | O |
| V | D | O | R | S | B | R | S | T |
| A | O | B | S | I | L | S | H | F |
| Z | P | Ñ | N | M | I | L | J | K |
| Y | I | O | P | R | N | S | I | R |
| H | R | B | A | Ñ | U | H | O | I |
| W | E | P | B | W | U | M | U | J |
| U | N | O | R | U | A | Ñ | N | K |

Atopa nomes de seis árbores.
Cerdeira, piñeiro, limoeiro, oliveira, maceira, pereira.

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C | A | R | L | E | P | L | E | A |
| E | P | I | Ñ | E | I | R | O | O |
| R | E | L | N | C | I | R | L | R |
| D | R | E | O | A | T | E | I | I |
| E | E | E | D | L | U | Y | V | E |
| I | I | A | S | I | I | Z | E | O |
| R | R | C | I | A | B | X | I | M |
| A | A | L | R | O | V | O | R | I |
| M | A | C | E | I | R | A | A | L |

Raúl

4º de primaria

# PASATEMPOS MUSICAIS.



## O INSTRUMENTO MISTERIOSO:

Une por orden todos os puntos e atoparás un instrumento.





¿ Que instrumento de percusión atopaches?

_______________________

Jimena, Maruxa e Bárbara

6º primaria

## SOPA DE INSTRUMENTOS.

Atopa na sopa de letras o nome destes instrumentos musicais.



| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A | C | O | R | D | E | O | N | Q | H |
| E | W | S | A | N | G | E | C | G | O |
| T | Y | P | T | D | O | F | H | U | Y |
| A | I | L | U | G | L | B | A | I | H |
| M | Ñ | D | I | X | T | T | Q | T | I |
| B | T | R | O | M | P | E | T | A | P |
| O | U | U | L | I | K | T | A | R | E |
| R | B | P | I | A | N | O | N | R | X |
| Y | Ñ | C | N | R | S | F | S | A | G |
| X | T | V | A | F | R | A | U | T | A |













Jimena, Maruxa e Bárbara

6° primaria

# Palabras Cruzadas

Completa o nome dos instrumentos.




Carolina 6º de primaria

ENCONTRA AS DIFERENZAS.



UNE OS NÚMEROS E COLOREA O DEBUXO



# RECOMENDACIÓNS DE LECTURA PARA O VERÁN

Como sabemos que sodes uns grandes lectores e lectoras, un ano máis queremos facervos unhas interesantes recomendacións de lectura para o verán... Pasádeo moi ben e lede moito!!

*** * * * PARA OS MÁIS PEQUENOS * * * * ***




**MARUXA**
**OQO Editora**
**Autora: Eva Mejuto**




**NA COCIÑA DE NOITE**
**Editorial KALANDRAKA**
**Autor: Maurice Sendak**




**COMO LAVAR A UN MAMUT LANUDO**
**Editorial DIDECO**
**Autor: Michelle Robinson**




**GATO VERMELLO GATO AZUL**
**Editorial LATA DE SAL**
**Autora: Jenni Desmond**

## * * * * PARA OS PRIMEIROS LECTORES * * * *

| | |
|---|---|
|  |  |
| LUCÍA COTRIÑAS – A ESCADA<br>Editorial LATA DE SAL<br>Autora: Annie M. G. Schmidt | ¿HAY ALGO MÁS ABURRIDO QUE SER UNA PRINCESA ROSA?<br>Editorial THULE<br>Autora: Raquel Díaz Reguera |
|  |  |
| LA INVASIÓN MARCIANA<br>Editorial A BUEN PASO<br>Autor: Catalina González Vilar | E HABERÁ TIRÓN DE ORELLAS?<br>Editorial GALAXIA<br>Autora: María Victoria Moreno |

**E como a boa música lle gusta a todo o mundo... aquí tedes!!**

| | |
|---|---|
|  |  |
| ROSALÍA PEQUENIÑA Editorial GALAXIA | DEVERIBÉS Editorial SUEÑOS DEL GATIPEDRO |

## * * * * PARA OS QUE XA SON EXPERTOS * * * *

| | |
|---|---|
|  |  |
| **O MISTERIO DO FARO VELLO**<br>**Editorial XERAIS**<br>**Autora: Fina Casalderrey** | **LA BIOMAESTRA**<br>**Editorial EDELVIVES**<br>**Autor: Pepe Maestro** |
|  |  |
| **HISTORIAS INCREÍBLES**<br>**Editorial COMBEL**<br>**Autora: Montse Ganges** | **O REFUGALLO**<br>**Editorial: XERAIS**<br>**Autor: Paulo Carballeira** |

**E como non, o cine, que non falte!!**

| | |
|---|---|
|   |   |
| UP! – Disney. Pixar | LA OVEJA SHAUN - Aardman |

# CEIP "CERVO Nº1"

Estrada de Río Covo, s/n

27890 Lieiro - Cervo (Lugo)

Tlf. /Fax: 982594406

ceip.cervo.numero1@edu.xunta.es



## Curso 2013-2014

**Subvencionado por:**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**O Equipo de Dinamización da Lingua Galega agradece a participación a todos os que fixeron posible a publicación desta edición.**